

Mergullámonos na biblioteca - 3º ESO

UTILIZANDO MATERIAL DE CONSULTA: DICCIONARIOS E OUTROS

NOME dos compoñentes do grupo:

3ªA 23/10/2017

Cando queremos buscar e atopar rapidamente información sobre algo, pode ser que vaiamos [en caso de non poder utilizar a Internet] a dicionarios e enciclopedias. Pois ben, a palabra DICCIONARIO designa *aquel libro no que, por orde alfabética, aparecen catalogadas todas as palabras dun idioma coas súas definicións e, ás veces, con outras informacións engadidas.*

As posibles informacións contidas orixinan un gran número de tipos de dicionarios, glosarios, léxicos e son moitos os exemplos de diferentes manuais deste tipo cos que contamos na nosa biblioteca.

Propoñémosche unha busca a través de todos eles. Terás que atopar as respostas seleccionando e manexando o dicionario axeitado. **Responde** a cada pregunta **breve, pero claramente.**

- INTRODUCCIÓN:

1. En que sección da nosa biblioteca están os dicionarios (indica o seu nome)? Por que esta sección se chama así?
2. Cantos **tipos** diferentes de dicionarios se atopan nesta biblioteca? Completa a táboa indicando brevemente *só o tipo de dicionario do que se trate.*

Dicionarios de linguas	Dicionarios temáticos ou específicos

- **Aquí comeza a túa busca. ATENCIÓN!! Deberás anotar a SINATURA do libro que consultaches no cadro que figura á dereita de cada pregunta**

1. Que é, que representa e que simboliza o **Uroboros**?

Sinatura:

2. En que dicionario atopaches esta resposta?

3. Que significa a palabra estranxeira “**eureka!**”? En que dicionario buscaches?

Sinatura:

A que científico da Antigüidade fai referencia?

4. Que significa a frase feita do galego “**tocar o zoco**”? En que dicionario buscaches?

Sinatura:

<p>5. Quen era Urania, e de que ciencia era a musa protectora?</p> <p>6. En que dicionario atopaches esta resposta?</p> <p>7. Anota o outro libro relacionado con esta pregunta, mencionado no “Tesouro 1”.</p>	<p>Sinaturas:</p>
<p>TESOURO 1- Resposta:</p>	<p>Sinatura:</p>
<p>8. Busca o <i>Diccionario de uso del español. Edición abreviada. María Moliner</i>, o tomo correspondente ás letras E-O. Que curiosidade atopas entre as páxinas 465 e as 16 páxinas seguintes?</p>	<p>Sinatura:</p>
<p>9. Que dicionario específico podemos atopar na sección 57? Indica autor, título e editorial.</p> <p>10. Nese mesmo dicionario, buscade a definición de papaína. Que é, e cal é o nome científico da árbore que produce o froito da que procede?</p>	<p>Sinatura:</p>
<p>11. Saberías dicir o nome xenérico, e enumerar os tipos diferentes de saias en francés? Necesitarás un onde poidas ver ben <u>a imaxe!</u></p> <p>12. Que tipo de libro manexaches para responder a anterior pregunta?</p>	<p>Sinatura:</p>
<p>13. Na mitoloxía popular galega, quen son as xacias, as donas e as mouras?</p>	<p>Sinatura:</p>
<p>14. Hai un libro na sección de ECONOMÍA que ben podería estar tamén cos dicionarios específicos. Indica o seu título completo, a editorial e o ano.</p> <p>15. Nese mesmo dicionario, buscade a definición de CAC-40. Que é, de onde procede o seu nome, e como se actualiza?</p>	<p>Sinatura:</p>
<p>TESOURO 2- Resposta:</p>	<p>Sinatura:</p>
<p>16. Que <u>cita</u> sobre o ingenio fai o escritor que leva o país galo de apelido?</p>	<p>Sinatura:</p>

17. Busca agora nun dicionario ou enciclopedia o nome deste autor francés, e indica o seu nome completo e as datas e lugares de nacemento e morte.
18. Hai un dicionario que non leva tal nome na sección das biografías. Cantos volumes ten, e que letras abarca cada un deles?
19. Cal é o nome completo do último personaxe do tomo 2?
20. Hai tres dicionarios de sinónimos e antónimos na biblioteca. Busca nos tres o termo **talludo** e escribe todos os sinónimos e antónimos que localices.
21. Cal dos tres che parece o dicionario máis completo? Por que?
22. Busca no dicionario específico que máis se relacione co tema a definición de “**estado de derecho**” Cópiaa ata o primeiro punto.
23. Indica o título, autores e editorial do libro:
24. Na biblioteca temos un dicionario no que podes buscar datos sobre máis de 2.000 escritores de todos os tempos e linguas. Sabes cal é este dicionario?
25. Responde con el a esta pregunta: O escritor colombiano Gabriel García Márquez ten publicadas numerosas obras literarias. Saberías dicir cal é o título completo da súa obra *Diatriba de amor contra...*?
26. Busca un gran libro da ciencia. Atopáchelo, en que sección? Indica o título completo, a editorial e o ano.
27. Agora, busca nel a **August Kekulé**. De que disciplina científica era especialista este home?
28. *Que relación hai entre o capítulo que fala del e outra das preguntas deste cuestionario?*

Sinatura:

Sinaturas

Sinaturas:

Sinatura:

Sinatura:

Sinatura:

TESOURO 3- Resposta:

Sinatura: